

A (re)escritura feminista. Notas sobre Begoña Caamaño¹

María Xesús Nogueira Pereira²

Recibido: 9 de maio de 2016 / Aceptado: 30 de setembro de 2016

Resumo. Achegamento á figura de Begoña Caamaño (1964-2004), que atende tanto ao perfil biográfico e intelectual como ás principais claves do seu proxecto narrativo. O traballo pretende ademais situar a escritora nas coordenadas da narrativa galega contemporánea, en particular nas escrituras de xénero desenvolvidas nas últimas décadas.

Palabras chave: Begoña Caamaño; narrativa galega; feminismo; escrituras de xénero; materia de Breaña.

[es] La (re)escritura feminista. Notas sobre Begoña Caamaño

Resumen. Aproximación a la figura de Begoña Caamaño (1964-2004), que se ocupa tanto de su perfil biográfico e intelectual como de las principales claves de su proyecto narrativo. El trabajo pretende además situar a la escritora en las coordenadas de la narrativa gallega contemporánea, en particular en las escrituras de género desarrolladas en las últimas décadas.

Palabras clave: Begoña Caamaño; narrativa gallega; feminismo; escrituras de género; materia de Breaña.

[en] Feminist (re)writing. Notes on Begoña Caamaño

Abstract. An approach to the author Begoña Caamaño (1964-2004) dealing with both her biographical and intellectual profile as well as the main keys to her narrative project. This paper also aims to place the writer in context with contemporary Galician narrative, in particular with feminist writing of the last decades.

Keywords: Begoña Caamaño; Galician Narrative; Feminism; Feminist Writing; Matter of Britain.

Sumario. 1. Anotacións limiares. 2. Unha vida, un oficio. 3. As loitas e as rúas. 4. A escritura inagardada. 5. *Circe ou o pracer azul*. 6. *Morgana en Esmelle*. 7. Outras rotas. 8. Final. 9. Referencias bibliográficas.

Como citar: Nogueira Pereira, M^a X. (2016): "A (re)escritura feminista. Notas sobre Begoña Caamaño", en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 19, 151-159.

Cantas Medeas, cantas Helenas e Clitemnestras farían aínda falta para os homes se decataren de que era preciso estableceren outro tipo de relacións coas mulleres e co mundo, se eles mesmos querían acadar a paz do espírito e a plenitude da felicidade.

Begoña Caamaño, *Circe ou o pracer do azul*

¹ Este traballo foi realizado no marco do proxecto *Eco-fictions: Emergent Discourses on Women and Nature in Galicia and Ireland* (FEM 2015-66937), dirixido por Manuela Palacios. Algunhas das ideas que aquí se recollen foron expostas no relatorio que, co título de "Begoña Caamaño: a muller a activista, a escritora", presentei en Madrid o 21 de abril de 2015, dentro dos actos da Semana Complutense das Letras.

² Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Filoloxía Galega.
E-mail: mariaxesus.nogueira@usc.es

1. Anotacións limiares

A produción crítica sobre Begoña Caamaño (1964-2014) é polo de agora reducida e marcada pola urxencia. Existe, por unha banda, un corpus de recensións das súas dúas novelas. Por outra, un conxunto de textos e documentos que homenaxearon a escritora a raíz da súa morte e lembraron, nos meses sucesivos a ela, a súa memoria. Algúns forman parte dun volume singular, tamén desde o punto de vista editorial: *O libro das amigas* (2015), publicado con motivo do primeiro aniversario do seu falecemento.

Non foi abondo o tempo transcorrido desde a publicación de *Circe ou o pracer do azul* (2009) nin de *Morgana en Esmelle* (2012) para xerar estudos sobre unha obra que, por outra banda, se atopaba aínda en construción. Nin sequera para o difícil labor de encadrar nas coordenadas da narrativa contemporánea, quizais tamén porque o seu encaixe resultaba incómodo dentro dunhas liñas demarcatorias que ondean entre a xeración e o xénero. Situada aínda no pouso dos afectos, e como punto de partida de estudos de maior calado, crin necesario achegar algunhas notas que servisen para debuxar o perfil, tanto literario como humano, dunha autora cuxa vida asentou de maneira consciente en tres piares: a condición de muller, o activismo e a paixón pola literatura.

2. Unha vida, un oficio

Foi Begoña Caamaño, alén dunha escritora, unha profesional da comunicación. A autora nacera en Vigo, cidade na que transcorreu a súa infancia e mocidade, e onde comezou o seu traballo como xornalista que elixiu a radio como a principal das canles. Os seus inicios tiveron lugar en Radio Popular de Vigo e en Radio Noroeste, nuns tempos nos que “criamos que estabamos construíndo unha radio para un país” (Vidal 2010). En 1989 incorporouse á Radio Galega, primeiro á delegación da súa cidade e despois á de Santiago de Compostela. A súa voz escoitouse nos programas *Trécolas*, *Diario Cultural*, *Andando a terra*, *Club Cultura* e *Expreso de Medianoite*. A escritora recordábao deste xeito no transcurso dunha entrevista:

Empecei a traballar bastante noviña en Vigo e, que eu lembre, debía ter 22 anos e foi casualidade porque eu non estudei xornalismo pero naquel momento non sabía a que me ía dedicar. (...) Ao rematar maxisterio, que si preparas oposicións si non, xurdiu unha emisora en Vigo, Radio Noroeste, unha escola de radio, e alí me metín por aquilo de baah, (...) namoreime do xornalismo e alí me enganchei e até hoxe. Logo pasei por Radio Popular logo xa na Radio Galega³.

Ademais da radio, Begoña Caamaño desenvolveu outros traballos xornalísticos como a correspondencia da Axencia Galega de Noticias ou colaboracións con *El Sol*, *A Nosa Terra*, *Tempos Novos* e *Novas da Galiza*. Fronte a outros modelos de escritora, o seu correspóndese co perfil dunha muller profesional que botou man da palabra como principal ferramenta.

Do labor radiofónico de Begoña Caamaño destaca o peso que no seu desempeño tivo o xornalismo cultural, eido tan necesario como descoidado na cultura galega das últimas décadas. A escritora foi ademais unha profesional recoñecida polos seus pares, que salientaron o rigor do seu traballo, a concepción da información como un servizo público, o compromiso e tamén o entusiasmo, trazo este que a acompañou en todas as empresas que emprendeu ao longo da vida.

3. As loitas e as rúas

O mencionado entusiasmo e a capacidade de se apaixonar por iniciativas diversas deixou unha intensa pegada na biografía da autora, que se percibe na súa implicación en numerosas causas, foran estas políticas, sindicais, sociais ou culturais. Neste senso, foron moitas as mobilizacións nas que participou, unhas veces a nivel teórico, as máis a pé de rúa. O activismo révelase imprescindíbel á hora de bosquexar un retrato intelectual e literario da escritora.

Un dos piares nos que se fundamenta a acción social e pública é o feminismo. A escritora militou desde nova nun feminismo de base desde o que participou en mobilizacións polos dereitos das mulleres. A Marcha Mundial das Mulleres, Mulleres Galegas da Comunicación (MUGACOM), Mulleres Transgredindo ou

³ Entrevista emitida no programa “A conversa”, de Popular Tv Galicia, o 22/05/2013 (https://www.youtube.com/watch?v=ex9qMGS_WS_94 [consulta: 30/04/2016]).

Rede Feminista Galega foron algunhas das iniciativas nas que participou. Desde ese feminismo solidario, defendido tanto no discurso como na praxe, avogou polo “entendemento mutuo entre as mulleres, a sororidade” como “arma de defensa e de empoderamento que só pode facernos máis libres” (Dopico 2012).

O feminismo condicionou ademais de maneira profunda a creación literaria de Begoña Caamaño. A manifestación máis evidente atópase na iluminación de figuras femininas que a autora escolle como modelos para un exercicio de reescritura. Esta actitude, que queda patente na incorporación de personaxes como Circe e Morgana aos títulos das obras, permítelle non só combater estereotipos senón tamén aproveitar a rendibilidade narrativa derivada do silenciamento histórico que as rodea:

Eu son unha muller feminista e cando digo feminista falo dunha cosmovisión do mundo e para min é fundamental recuperar todas esas voces silenciadas ao longo dos séculos que á parte son riquísimas e danche moita facilidade porque como estiveron tantos séculos caladas podes facerlle dicir o que queiras. É moi gratificante darlles voz ás silenciadas⁴.

A loita pola igualdade que está detrás da militancia no feminismo mobilizou tamén á autora noutras causas de natureza política, social ou sindical, e levouna a reivindicar o recoñecemento da diversidade. Esta preocupación é unha das liñas vertebradoras dun dos seus últimos textos “Viaxar para lerre” (vid. *infra*), onde explica a través do relato de varias experiencias viaxeiras como o coñecemento doutras realidades a levou a *gozar da diversidade, recoñecer a ignorancia e enfrontar contradicións* (Nogueira 2014a: 160).

A militancia de Begoña Caamaño tivo aínda outra preocupación constante: Galicia. Desde un galeguismo nacionalista e independentista mobilizouse por cuestións relacionadas coa situación política, económica ou lingüística.

Unha proba do seu compromiso neste último terreo quedou patente en afirmacións tan contundentes como as que se reproducen a seguir:

Non existe “trilingüismo harmónico”, como tampouco o bilingüismo. (...) O termo “bilingüismo harmónico” cuñado pola administración Fraga foi, de seu unha falacia, unha completa mentira; non podemos falar en termos de harmonía cando hai unha situación tan disimétrica entre o castelán e o galego. (Vidal 2010)

Begoña Caamaño creu, en definitiva, no poder do activismo, na utopía e na posibilidade de cambiar o mundo, o que lle valeu o recoñecemento da cidadanía implicada en movementos sociais. O programa que o Diario Cultural da Radio Galega lle dedicou con motivo do pasamento⁵ constitúe unha boa mostra do recordo deixado pola escritora en sectores diversos. Tamén o foron a homenaxe “Begoñísima”, celebrada o 24 de outubro de 2015 no Teatro Principal de Santiago (Dopico 2015), a publicación do citado *Libro das amigas* e algúns actos cidadáns que se celebraron na súa memoria, como a pegada, no 8 de marzo de 2015, nalgúnhas rúas de Compostela que a autora frecuentaba, de carteis e adhesivos cunha frase de *Morgana en Esmelle* a xeito de lema: “É o tempo do feminismo: da xustiza, da igualdade, da liberdade, da dignidade e, por que non? da felicidade”.

4. A escritura inagardada

A escritura foi para Begoña Caamaño unha descuberta de madurez, “conxuntural e inesperada”⁶. A autora relacionou ademais a decisión de escribir coa condición de lectora voraz e coa vontade de *reescribir* as historias máis queridas para contalas doutra maneira ou contar aquilo que non fora contado. Explicouno a propósito dos mitos, dunha obra canónica como *A Odisea* e da xénese da súa primeira novela: “Nunca atopaba a Penélope que eu quería”. O afán de *escribir o libro que lle gustaría ler* deixa ao descuberto o principio

⁴ Reportaxe realizada no programa Zig Zag, da Galega, emitida o 21/05/2012 (<http://www.editorialgalaxia.com/weblog/?p=1911> [consulta: 30/04/2016]). Nunha da presentacións de *Morgana en Esmelle* celebrada en Compostela, Begoña Caamaño explicaba, ademais, como a escolla non era só debida á “condición de feminista convencida e militante, que me obriga a combater o sexismo e a discriminación histórica do feminino situando ás mulleres nos primeiros planos, baixo os focos da miña imaxinación e, polo tanto, tamén da imaxinación das e dos meus posibles lectores. Senón tamén porque a súa condición de silenciadas, de excluídas, de secundarias obrigadas, dótaas dun potencial máxico incalculábel” (Caamaño 2012: 41).

⁵ Cf. <http://www.crtvg.es/rg/a-carta/diario-cultural-diario-cultural-do-dia-28-10-2014-918418> (consulta: 30/04/2016).

⁶ Entrevista emitida en Popular Tv Galicia (vid. *supra*).

fundamental da narrativa de Begoña Caamaño: a reescritura de material lendario desde unha perspectiva feminista.

Acostúmase salientar a incorporación tardía da muller aos proxectos narrativos, cando menos até os comezos do novo milenio. A tendencia semella atribuíbel tamén a Begoña Caamaño, a quen, de situármola na cartografía trazada por Dolores Vilavedra, teríamola que adscribir á “xeración perdida dos 50/60, de obra escasa, estrea serodia e baixo perfil mediático quizais polo feito de seren pouco ou nada premiadas” (2010: 316). Sendo esta a xeración biográfica de Begoña Caamaño, a autora publica o seu primeiro libro canda o doutras escritoras nadas na década dos 70, como Inma López Silva, Rosa Aneiros ou María Reimón-dez, ás que se suma tamén Teresa Moure. Vilavedra destacou o protagonismo destas voces, escolarizadas xa en lingua e literatura galega, na normalización da narrativa de autoría feminina. Ao mesmo tempo puxo de manifesto o rexeitamento mostrado por algunhas delas do xénero como marca clasificadora e, sobre todo, invisibilizadora⁷ (*ibid.* 318-319), actitude da que claramente se distancia Begoña Caamaño.

As liñas bosquexadas resultan de utilidade á hora de situar a Begoña Caamaño nas coordenadas da literatura das últimas décadas. A súa aparición pública en 2009, con *Circe ou o pracer do azul*, pode efectivamente considerarse serodia na medida en que se produciu durante a madurez, cunha novela, e sen que se difundisen con anterioridade outros textos de creación seus. Cabe con todo preguntarse se a incorporación tardía á literatura, que contradí o que sería unha carreira literaria *ao uso*, é exclusiva do xénero feminino. Nalgunha ocasión a propia autora negou para si tal adxectivo, explicando que comezara a escribir cando sentiu que tiña algo que contar.

Begoña Caamaño sumouse á narrativa de autoría feminina e situou a súa obra á beira da doutras autoras, na súa maioría máis novas, coas que é posíbel identificar afinidades. No seu caso fíxoo, de maneira consciente e notoria, desde un feminismo que sempre reivindicou como alicerce da súa literatura. A diferenza

doutras escritoras coas que coincidiu no espazo público, as súas obras viron a luz á marxe de premios literarios de referencia. Estes –o da Crítica, o da Asociación Galega de Editores ou o Losada Diéguez– foron concedidos con posterioridade á publicación do segundo libro.

No seu afán revisionista e restaurador dunha historia non contada, a literatura de Begoña Caamaño entronca co espírito dunha obra pioneira na narrativa feminista como é *Amantia* (1984), de María Xosé Queizán, centrada nas mulleres que rodean o personaxe de Prisciliano, pero tamén co de *Herba Moura* (2005), de Teresa Moure, de atendermos á voz e ao protagonismo concedidos a personaxes femininos da Historia. Con todo, é no exercicio de reescritura de metarrelatos levada a cabo desde o xénero na poesía publicada por mulleres onde encaixa de maneira natural o proxecto, neste caso narrativo, dunha escritora para quen a Penélope reinventada por Xohana Torres é un referente principal.

O falecemento prematuro privouna de emprender outras aventuras narrativas que, segundo revelou o editor Víctor Freixanes, había ter como fonte o universo de *As mil e unha noites*. A escolla confirma a súa visión da creación literaria como a narración daquelas historias –léase, daquel mundo– que a ela lle gustaría ler –léase, habitar.

5. *Circe ou o pracer do azul*

A estrea de Begoña Caamaño no xénero narrativo escolle como materia o mito clásico e, en concreto, unha obra canónica como a *Odisea*, como punto de partida para a construción da obra. O interese polo poema homérico e a súa vontade de intervención quedaron plasmados nunhas declaracións nas que a escritora explica o seu gusto pola mitoloxía

porque bebemos das súas fontes en canto a construción de modelos e arquetipos, pero a min o que me apetecía, precisamente, era revisalos e reconstruílos. A *Odisea* é unha obra que me parece fundamental, pero eu quería coller as personaxes femininas de Homero, darlles a volta e construír outro modelo de muller diferente. (Sotelino 2010)

⁷ Vilavedra (2007) fai fincapé na distancia que algunhas delas establecen a respecto da condición de mulleres como factor que poida condicionar os seus proxectos literarios, así como no feito de que non haxa nelas “a conciencia xenealóxica que apreciábamos en obras da xeración anterior” (2010: 318-319).

Na mencionada selección de personaxes, que focaliza a Circe e a Penélope, a autora está a recoller toda unha tradición de relecturas míticas levadas a cabo desde a poesía, que van da composición “Tecín soia a miña tea” de Rosalía de Castro, até numerosos textos aparecidos a partir da década dos noventa, con parada obrigada no mencionado “Penélope” de Xohana Torres (González 2005, Nogueira 2006).

Unha das claves de *Circe ou o pracer do azul* está de feito na iluminación de marxes carentes de protagonismo no relato matriz, desde o acontecemento que rompe, xa no comezo da novela, coa monotonía de Ítaca. Trátase da carta que Penélope recibe de Circe, onde esta a informa de que Ulises está vivo e reside, na súa compañía, na illa de Ea. A partir de aquí, a narración desenvolve como fíos argumentais ausentes na *Odissea* os sentimentos de Penélope, a figura de Circe e a relación que xorde entre ambas.

Outra clave atópase na incorporación da técnica epistolar para complementar unha voz narrativa en terceira persoa. A correspondencia entre Circe e Penélope, traída e levada por “unha ave que imitaba en tamaño e feitura un corvo mariño” (Caamaño 2009: 17) –en clara chiscadela ou homenaxe a Cunqueiro– achega perspectivismo á narración, alén de reforzar o ton confidencial dunha boa parte dela.

O exercicio de reescritura das protagonistas principais baséase na subversión dos roles que a tradición lles atribuíra. Así, a muller que espera polo heroe revélalle á meiga, tras numerosos segredos confesados conforme vai medrando a relación de sororidade, a súa desafección por Ulises. Tal sentimento transforma o motivo da espera sobre o que está construído o personaxe de Penélope:

Entenderiades xa, miña nobre amiga, que non son eu unha muller desexosa do pronto retorno do marido. Ao contrario, a súa ausencia devolveu a paz ás miñas noites e, se por algún motivo desexo eu a súa volta, é tan só para poder tirar de min tanta responsabilidade que me atafega e para por freo ás pretensións dalgúns seres preeiros que me asexan vixiantes, tentando de, ao meu través, aferollar o trono de Ítaca coas súas gadoupas. (ibid. 136)⁸

No que respecta a Circe, a narración rebaixa a súa condición de temíbel meiga inimiga dos homes, cos que practica terribes encantamentos, e ofrece unha visión máis positiva fundamentada nunha solidariedade feminina que a leva a “facer de Ea un lugar de paz, de liberdade e de aprendizaxe para as mulleres” (*ibid.* 39) e a estendelo, de maneira inagardada se temos en conta o relato matriz, a Penélope.

As dúas protagonistas da novela aparecen ademais vinculadas a dous espazos cunha importante carga simbólica. Penélope habita un lugar hipercodificado na literatura en canto metáfora do regreso. Non obstante, ao longo da novela lévase a cabo unha deriva do significado de Ítaca como illa-fogar cara ao de illa-cárcere. Ea, polo contrario, mantén ao longo de todo o texto a súa condición de “*asilo para as mulleres*”, “*espazo de liberdade para insubmisas*” (*ibid.* 68) e representa, polo tanto, a sororidade e a utopía.

A perda de protagonismo de Ulises, en comparación co relato nai, é notoria na obra de Begoña Caamaño, onde a súa existencia literaria está en función da súa esposa e da súa amante. Abondo significativo resulta a este respecto comprobar como as historias das dúas personaxes femininas reescritas conflúen precisamente no momento do regreso de Ulises:

Como pode o destino burlarse tan cruelmente de nós e facernos compañeiras na agonía por causas tan diferentes, aínda que tomen a súa orixe no mesmo home? Que maravilloso sería neste momento poder trocarnos o noso destino. Ser eu quen fique agardando ansiosa pola súa chegada, ser vós quen, ao velo partir, se sentise liberada. (ibid. 305)

Ao mesmo tempo que Ulises se ve relegado a un elo da narración, esta ilumina outros personaxes, teñan protagonismo no relato principal, como é o caso de Anticlea, ou formen parte de historias secundarias as máis das veces exemplificadoras desde o punto de vista do xénero, como acontece con Medea, Clitemnestra, Helena ou Andrómaca. Ademais das traicións e aldraxes que os homes lles infrinxiron, a correspondencia epistolar salienta a inxustiza con que foron tratadas pola tradición, como a sufrida pola “*infeliz e tamén pola historia*

⁸ A cursiva é utilizada na obra para identificar o texto epistolar.

inxustamente xulgada Clitemnestra (...) arrincada do noso verxel de ledicia e de inocencia, obrigada a marchar soa a un reino estraño para se desposar cun home moito maior ca ela, a quen nunca chegou a querer e que tampouco se preocupou en demasía de facerse amar pola súa tan nova esposa” (ibid. 131), ou por Andrómaca, “sometida, cercada, maltratada, [que] representa a vontade insumisa dos vencidos que nunca claudican” (ibid. 207).

O entrelazado de historias que teñen como fío principal a correspondencia epistolar entre Circe e Penélope conforma unha novela sobre os sentimentos humanos: a paixón, a fidelidade, a amizade. Alén disto, o libro aborda tamén o tema das intrigas, do poder e dos modelos de convivencia. Uns e outros fíos temáticos son tratados desde unha clara perspectiva de xénero que non só leva a enfatizar aquilo que a tradición silenciou, senón tamén a formular desde o feminismo a utopía de cambiar o mundo. Non é outra cousa o que se desprende das palabras que Circe dirixe a Penélope logo da partida de Ulises: “*Quen sabe, se cadra algún día somos quen de mudar a historia que outros escribiron por nós e Ea terá, ao cabo, o privilexio de vos acoller e gardar*” (ibid. 307).

O exercicio de reescritura levado a cabo en *Circe ou o pracer do azul* non remata co regreso de Ulises a Ítaca, senón que se prolonga na marxe nunha nota paratextual que propón finais abertos:

Segundo a tradición homérica, Ulises tardou aínda outros oito ou nove anos en chegar a Ítaca, dos que sete pasou nos brazos da ninfa Calipso. Outras lendas, non mencionadas por Homero, din que ao cabo doutros vinte anos Telégono, o fillo de Circe e de Ulises, viaxa a Ítaca á procura do seu pai, a quen mata, ao parecer por erro, sen saber quen era. As mesmas lendas din que Telégono casou con Penélope e que a levou con el a Ea, mais ben podería ser que non houbese tal voda e que simplemente a levase á illa por mandado da deusa e forte desexo das dúas mulleres. Sexa como for, segundo estas lendas, Circe e Penélope puideron finalmente abrazarse e continuar fortalecendo a amizade, que durante anos cultivaron mediante a escrita, aínda que desta relación epistolar non nos teñan falado nin aedos nin cronistas (ibid. 309).

A nota insiste no cuestionamento do relato herdado, esta vez mediante a achega de novas perspectivas que no entanto conflúen no reforzamento desoutra historia que non figura nas crónicas. Máis alá dunha nova volta nos fíos da ficción, o texto final posúe un importante valor metaliterario.

6. *Morgana en Esmelle*

A segunda entrega narrativa de Begoña Caamaño supón unha nova incursión na reescritura do mito. O modelo é desta volta un dos metarrelatos máis fértiles da tradición literaria galega: a materia de Bretaña. A escolla implicaba polo tanto enfrontarse a un novelo de ficcións que foran obxecto de reinterpretacións identitarias, políticas ou lúdicas e, neste sentido, tomar unha posición a respecto do canon artúrico da literatura galega. Tamén nesta ocasión a autora elixiu o xénero para se inserir nesta tradición.

Begoña Caamaño tomou ademais como modelo unha voz interposta no proceso de transmisión, na tradición escrita, da materia de Bretaña. Trátase de Álvaro Cunqueiro⁹ e *Merlín e familia* (1955), de quen colle emprestada precisamente a súa voz narrativa, Felipe de Amancia, alén do espazo ficcional de Esmelle e algúns dos personaxes que habitan a casa de Merlín. A narradora pon en práctica un maior grao de complexidade intertextual que no libro anterior, ao escribir unha boa parte de novela seguindo pautas discursivas do mindoniense, a quen cita nos agradecementos como modelo na querenza polos mitos: “ao meu señor don Álvaro Cunqueiro, de quen aprendín que os mitos están vivos e temos dereito de facelos nosos”.

Unha das singularidades de *Morgana en Esmelle* radica precisamente na capacidade para *prolongar* a voz narrativa de Felipe de Amancia nos capítulos a el atribuídos:

Agora que o meu señor don Merlín dorme plácido ao carón da súa ciencia e dos seus sete saberes, e cando aínda manteño nidias as lembranzas é, se cadra, o momento de que fale por min do acontecido hai xa tanto tempo en Miranda e do que sempre se me prohibiu falar¹⁰. (Caamaño 2012: 11)

⁹ Sobre o particular *axuste de contas* de Begoña Caamaño co autor de *Merlín e familia* vid. Forcadela 2012.

A responsabilidade do paxe cunqueiriano, identificada nos títulos co rótulo “*Das memorias de Felipe de Amancia*”, complementábase na novela de Begoña Caamaño coas de Merlín (“*Da conciencia do Señor Merlín*”), cunha voz en terceira persoa (“*Das crónicas de Ávalon*”) e, na sección final do libro, coa da propia Morgana (“*Da voz de Morgana*”):

Eu son Morgana e esta é a miña historia. Contada por min mesma, coa miña voz. A única historia na que me vexo e en que me recoñezo. Por máis que haxa quen lembre doutro modo os feitos. (*ibid.* 209)

O lugar final reservado á protagonista tematizada no título realza a xerarquía da súa voz a respecto das anteriores nunha novela que integra discursos enunciados desde perspectivas diversas. Na centralidade de Morgana, media irmá do rei Artur, “a sabia. A druída. A meiga. A fada. A bruxa. A puta” (*ibid.* 199) radica precisamente unha das claves da novela. A viaxe a Esmelle na procura de claves para comprender a súa particular derrota, despois de que o seu amor por Artur se vise finalmente frustrado, ocupa un lugar principal na diéxese.

O relato de Morgana que conclúe a novela vese prolongado logo de que esta anuncie o remate da “historia que ocupa a cronistas e fabuladores” (*ibid.* 207). De igual maneira que acontecía en *Circe ou o pracer do azul*, a narración esténdese máis alá dos seus propios límites.

Alén da figura de Morgana, a novela de Begoña Caamaño ilumina outros personaxes femininos do relato medieval, como é o caso de Igraine, Viviana ou Xenebra. Sobre esta última ofrece mesmo, a través de Merlín, unha explicación acerca da súa estada en Esmelle que completa o relato cunqueiriano:

Con Artur xa morto, o reino perdido e desaparecido Lancelote, cabaleiro errante en eterna expiación, decidín rescatar a Xenebra. Sacala do convento onde se refuxiarado mundo e das súas propias debilidades e traela comigo. Se xa non raíña de Britania, polo menos dona de Esmelle e señora de Miranda. (*ibid.* 195)

No que atinxe ás figuras masculinas, protagonistas dos relatos medieval e cunqueiriano, as visións que delas se achegan son claramente desidealizadoras, tanto pola covardía atribuída a Artur como pola condición intrigante dun Merlín manipulador obsesionado por unha Britania unida, que tanto dista do mago bosqueado polo mindoniense. O ideal de Merlín representa unha das dúas concepcións políticas enfrontadas en *Morgana en Esmelle*, o totalitarismo:

a pobreza, a fame, a enfermidade, a guerra, son as verdadeiras inimigas da nosa xente. Se para vencelos cómpre ter a xente na ignorancia, benvida sexa a burremia. Se para erradicalas cómpre un caudillo, benvida sexa a tiranía. (*ibid.* 107)

A esta *nova relixión* opónse a república, baseada no coñecemento, a liberdade e a sabedoría ancestral das druídas, e representada por Viviana e Morgana. Velaí o sentido do reproche que a primeira delas fai ao sabio: “—Dime, Merlín, en que se diferencia iso que propós daquilo que un día xuraches combater? A sabedoría só en mans duns poucos, só unha elite con control de coñecemento...” (*ibid.* 61).

Morgana en Esmelle é, ademais dunha obra de paixóns e intrigas construída a partir dalgúns dos relatos da materia da Bretaña, unha novela sobre o poder que, alén de reinterpretar personaxes posuidores dunha fonda simboloxía, enfronta dous modelos de organización política e constrúe de novo unha utopía.

7. Outras rotas

O legado de Begoña Caamaño complétase aínda con algúns textos xornalísticos e cun pequeno ensaio que viu a luz poucos días antes do seu falecemento e que, por se tratar dunha reflexión en primeira persoa sobre a literatura e a viaxe, constitúe un interesante testemuño.

“Viaxar para ler o mundo. Viaxar para lermé”, tal é o seu título, foi escrito por encomenda miña para un traballo no que estaba a indagar sobre a pegada que a experiencia da mobilidade, fose da natureza que fose, deixara na obra de escritoras galegas de xeracións

¹⁰ O exercicio de mímese percíbese con claridade nos comezos das dúas obras. Cf. “Tal como agora eu vou, vello i anugallado, perdido cos anos o lentor da moza fantasía, pónseme por veces no maxín que aqués anos por min pasados na frol da mocidá, na antiga e longa selva de Esmelle (...)” (Cunqueiro 1982: 11).

diversas¹¹ (Nogueira 2014a). A resposta da autora ao meu encargo foi pronta e xenerosa, e consistiu nunha serie de seis textos denominados por ela *fotografías* correspondentes a outras tantas viaxes –a Marrocos, a La Habana e a Cienfuegos, a Senegal, a Managua e a Ámsterdam– realizadas por motivos diversos que van desde a militancia ao lecer¹². As crónicas da escritora mostran a súa concepción da viaxe como unha fonte de coñecemento: “Ler é viaxar no tempo e na xeografía; no interior da mente humana ou nas circunstancias que rodean a ese ser. Viaxar, no entanto, é ler o mundo sen intermediarios; sendo a protagonista da lectura” (*ibid.* 77).

As *fotografías* de Begoña Caamaño mostran ademais a súa capacidade para o asombro, a humildade, o respecto pola diferenza, a disposición para a aprendizaxe e o derrubamento de tópicos, e a dimensión ética, alén dunha curiosidade infinda. Son cando menos dúas as lecturas que o texto ofrece: como literatura de viaxe e como documento autopoético. Nunha e noutra non resulta difícil identificar trazos que sustentan un proxecto literario e vital infelizmente truncado.

8. Final

Quixen nesta primeira aproximación á figura de Begoña Caamaño trazar liñas que permitisen situala no contexto da narrativa galega contemporánea e coñecer algunhas claves nas que radica a súa achega.

A biografía da escritora revela unha concepción integral da cultura na que as preocupacións de índole social, principalmente o feminismo, constitúen os principais piares do

discurso. A lectura da súa obra á luz dos compromisos que mantivo ao longo da vida cobra polo tanto novos matices.

Os inicios da escritora na narrativa produciuse na súa etapa de madurez, circunstancia que talvez desdubuxe a súa situación no mapa da literatura das últimas décadas. O seu proxecto é, no entanto, herdeiro dalgunhas experiencias narrativas elaboradas desde o xénero, e sobre todo, dunha rede de (re)escrituras poéticas que beberon da mitoloxía, e moi en particular do personaxe de Penélope, desde os anos noventa.

No caso de Begoña Caamaño foron tamén os mitos –clásicos ou atlánticos– os vimbioscos que teceu a súa obra, e foi o feminismo –o universo das mulleres, os silencios da historia, a utopía– a liña mestra que guiou a súa escritura e conformou un proxecto unitario, coherente e definitivamente inconcluso. Tal foi a base de *Circe ou o pracer do azul*, construída a partir dunha viraxe inagardada das lendas da *Odisea*, e tamén de *Morgana en Esmelle*, que leva a cabo unha reinterpretación en clave política e de xénero da tantas veces –tamén entre nós– reescrita materia de Bretaña.

A orixinalidade do punto de partida e a solidez dunha escrita que, nos dous libros publicados, constrúe un discurso coidadosamente cimentado en trazos arcaizantes, explica a fortuna de Begoña Caamaño a pesar do reducido corpus que puido legar á literatura galega. A súa obra é merecedora de análises en profundidade, desde a historiografía, a narratoloxía, os feminismos literarios e os estudos de xénero, que vaian máis alá destas notas elaboradas, como se dixo, desde a urxencia e tamén desde a homenaxe.

9. Referencias bibliográficas

- Acuña, Ana (coord.): *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega*. Berlin: Frank & Timme.
- Caamaño, Begoña (2009): *Circe ou o pracer do azul*. Vigo: Galaxia.
- (2012): *Morgana en Esmelle*. Vigo: Galaxia.
- (2012b): “Morgana en Esmelle”, *Festa da palabra silenciada* 28, pp. 40-46.
- Cunqueiro, Álvaro (1982): *Obra en galego completa*. Vol. II. Narrativa. Vigo: Galaxia.

¹¹ O traballo, elaborado no marco do proxecto de investigación *Ex-sistere: la movilidad en las literaturas gallega e irlandesa contemporáneas* (FFI2012-35872), que dirixiu a Dra. Manuela Palacios, formou parte do libro *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega*, coordinado por Ana Acuña (2014).

¹² Catro destes textos foron publicados no mencionado estudo (Nogueira 2014a). A totalidade do documento remitido pola escritora reproducíuse na revista *Grial* (Nogueira 2014b).

- Dopico, Montse (2010): “A sororidade é un arma de empoderamento que só pode facernos máis libres”, *Praza Pública*, 30/04/2012 <<http://praza.gal/cultura/791/la-sororidade-e-unha-arma-de-empoderamento-que-so-pode-facernos-mais-libres/>> (consulta: 30/04/2016).
- (2015): “Nós contigo também navegar”, *Praza Pública*, 25/10/2015 <<http://praza.gal/cultura/10419/nos-contigo-tambem-navegar/>> (consulta: 30/04/2016).
- Forcadela, Manuel (2012): “Morgana en Esmelle”, *Festa da palabra silenciada* 28, pp. 87-89.
- González Fernández, Helena (2005): *Elas e o paraugas totalizador. Escritoras, xénero e nación*. Vigo: Xerais.
- Nogueira Pereira, María Xesús (2006): “De vangardas e Penélopes. A intertextualidade na peosía galega dos noventa”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 9, pp. 93-102.
- (2014a): “Apuntamentos nómades. Viaxe e literatura nas escritoras galegas”, en A. Acuña (coord.), *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega*. Berlín: Frank & Timme, pp. 153-177.
- (2014b): “As fotografías de Begoña Caamaño”, *Grial. Revista galega de cultura* 204, pp. 75-79.
- Sotelino, Begoña R. (2010): “A Penélope que debuxou Homero, desafortunadamente, segue existindo”. *La Voz de Galicia*, 19/01/2010.
- Vidal Villaverde, Manuel (2010): “O galego resúltalles un moribundo demasiado lento e molesto”, Entrevista de Manuel Vidal Villaverde, *Galicia Hoxe*, 24/01/2010.
- Vilavedra, Dolores (2007): “Unha achega ao discurso narrativo de autoría feminina”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 10, pp. 145-151.
- (2010): *A narrativa galega na fin de século. Unha ollada crítica desde 2010*. Vigo: Galaxia.